

*O galego,
a lingua propia dos concellos
e das deputacións de Galicia.*
2009

25 anos da
declaración
do Hostal

Santiago, 10 de xullo de 2009



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística

O GALEGO,
A LINGUA PROPIA DOS CONCELLOS
E DAS DEPUTACIÓNS DE GALICIA

Todos sabemos que as corporacións locais do país xogaron un papel fundamental a prol de converter o galego en lingua oficial das administracións públicas.

Mesmo antes de que se aprobasen o Estatuto de Autonomía para Galicia de 1981 e a Lei de Normalización Lingüística de 1983, unha man de concellos xa avanzaran na promoción social do uso do galego e na súa utilización como lingua de traballo.

O protagonismo das corporacións locais nese proceso foi medrando ao longo dos anos oitenta a partir do compromiso que asinaron en Santiago máis dun cento de alcaldes –a Declaración de Compostela de 1984. Alí, por primeira vez desde a transición política, unha chea de rexedores de tendencias políticas diferentes e que representaban a municipios de toda a xeografía, manifestaron pública e solemnemente a reivindicación do galego, e botaron a andar no ámbito da administración local un movemento autónomo que liderou o proceso de normalización nos últimos trinta anos.

Outro fito dese proceso foi que o Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais a nivel estatal, recoñecese expresamente o carácter oficial das linguas propias das comunidades autónomas para os efectos da documentación local sen necesidade da tradución ao castelán e eliminando a utilización da dobre columna nas actas das sesións. Para iso o Ministerio de Administracións Públicas tivo que rectificar o texto orixinal xa publicado no Boletín Oficial do Estado.

Un terceiro paso nese ano 1986 foi o convenio que asinaron corenta concellos e a Universidade de Santiago de Compostela, por medio do que se creou no seo do Instituto da Lingua Galega a Sección de Linguaxe Administrativa. Esta Sección desenvolveu a partir de aí un labor esencial en materia de asesoramento lingüístico, deseño e elaboración de documentos, e fixación de linguaxe administrativa: abonda con lembrar que a propia palabra “concello” se consagrou como de uso xeral pola iniciativa daquel Instituto.

En paralelo a todo iso, as corporacións foron aprobando regulamentos locais de uso do galego que contribuíron ao avance da nosa lingua no acceso aos servizos públicos e en diversos ámbitos sociais e económicos, e a perfilar o seu carácter como lingua de traballo administrativa e xurídica. Tamén incorporaron a esixencia do coñecemento do galego, a nivel oral e escrito, como requisito ou mérito para o acceso ao emprego público, rachando cos prexuízos seculares que, incluso a nivel xurisprudencial, atrancaban o camiño.

Todo iso creou o clima social e político adecuados para que o Parlamento de Galicia aprobase, por unanimidade (¿), a Lei 5/1988, do 21 de xuño, do 21 de xuño, de uso do galego como lingua oficial das corporacións locais. Esta lei dispoñía que a documentación esencial dos concellos e das deputacións provinciais se debía redactar en galego sen excepcións; establecía un período máximo de dous anos para que tódalas corporacións acadasen ese obxectivo; e prevía que a Xunta de Galicia impulsaría ese proceso a través dos programas de formación de funcionarios e doutras actuacións acaídas para ese fin. No seu momento tivo unha repercusión social e mediática moi importante e o debate que orixinou serviu para poñerlle couto a unha mancha de prexuízos sobre a aptitude do galego como lingua oficial e sobre a capacidade dos funcionarios para se adaptaren a ela.

As disposicións desa Lei 5/1988, do 21 de xuño, foron confirmadas e ampliadas na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, xa que o artigo 7.1 desta última dispón que, á parte da documentación á que se referían as normas anteriores, tamén se redactarán en galego

“... os recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais... .”

Sete anos despois, o 21 de setembro de 2004, o Parlamento de Galicia aprobou de novo por unanimidade o Plan xeral de normalización

da lingua galega, no que se recolle un catálogo de medidas concretas encamiñadas a converter o galego nunha lingua do século XXI e a garantir que as persoas poidan vivir plenamente na nosa lingua.

O Plan Xeral reconece, entre os puntos fortes a favor dos seus obxectivos, o papel de liderado que xogan as corporacións locais e precisamente o primeiro bloque sectorial ao que lle presta atención é o das administracións públicas, sinalando que os obxectivos desa área son

- Consolidar o papel normalizador dos concellos e das deputacións provinciais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación
- Incluír a promoción do galego no concepto dos servizos que as corporacións lles ofrecen aos cidadáns, directamente ou a través de empresas contratadas.

Ao cumprírense agora vinte anos des que se promulgou a Lei 5/1988, do 21 de xuño, é unha ocasión acaída para que os alcaldes e os presidentes das deputacións provinciais de Galicia, renovemos o noso compromiso a prol da lingua galega, no marco da entidade común que a todos os une e representa, a Federación Galega de Municipios de Provincias.

Esta declaración reclámase herdeira do espírito de unidade, tolerancia e colaboración que presidiron a elaboración da Lei de normalización lingüística de 1983, a Declaración de alcaldes en Compostela de 1984, a aprobación da Lei 5/1988, do 21 de xuño, e o Plan Xeral de Normalización do Uso da Lingua Galega de 2004.

Nese marco, os abaixo asinantes asumimos, na representación das corporacións legais de Galicia, os principios que sinala o devandito Plan Xeral de:

- Introducir a oferta positiva de atender aos cidadáns en galego, con naturalidade e espírito de cortesía e convivencia lingüística.
- Promover unha visión afable, moderna e útil da nosa lingua que esfarele prexuízos, e reforce a súa estima e demanda.

- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratégicos.
- E dotar ao galego de recursos lingüísticos e técnicos que o capaciten para vehiculizar a vida moderna.

Por outra banda, as corporacións locais de Galicia comprométense a continuar liderando o proceso de normalización lingüística e con esa finalidade adoptarán medidas concretas e programadas no tempo para que en cumprimento da Lei de administración local de Galicia:

- 1º) Se tramiten en galego os procesos xurisdiccionais nos que sexan parte as corporacións e, especificamente, que os avogados e procuradores que representan e defenden as administracións públicas se expresen habitualmente nesa lingua.
- 2º) Se redacten en galego as escrituras públicas e as inscricións nos rexistros públicos promovidas polas corporacións locais, para o que se cursarán as instrucións oportunas aos seus asesores xurídicos.
- 3º) Se incorpore o galego como lingua habitual de traballo das forzas da policía local, tanto a nivel interno como nas súas relacións cos cidadáns e coas demais administracións públicas, especialmente cos órganos xurisdiccionais.

A FEGAMP establecerá no seu seo unha comisión de seguimento que lles garantirá ás corporacións o asesoramento adecuado para desenvolver estes compromisos e unificará uns criterios orientativos.

Edita: Fegamp

Depósito Legal: C 2203-2009

Imprime: Gráficas Sementeira - Nola

*Declaración dos alcaldes
galegos reunidos en
Santiago de Compostela.
Maio de 1984*

25 anos da
declaración
do Hostal

Santiago, 10 de xullo de 2009



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística

**DECLARACION
DOS ALCALDES GALEGOS
REUNIDOS
EN SANTIAGO DE COMPOSTELA**

MAIO DE 1984

A linguaxe, como sistema simbólico, é viable en tanto que capaz de comunicar uns contidos, como vehículo de desenvolvemento e transmisión de cultura. Unha lingua é distintas das outras porque na súa evolución histórica se foi conformando en reciprocidade cunha realidade cultural diferenciada. Se esa realidade desaparece, a lingua fica reducida á categoría de obxecto arqueolóxico. Por esta razón, unha lingua morre un pouco con cada segmento de cultura que se perde, porque os símbolos que o expresaban carecen xa de significado. Da mesma maneira, unha cultura desnaturalízase cando deixa de ser comunicada a través da expresión que lle é propia.

A secular proscripción da lingua galega na relación da administración cos administrados, no ensino, na vida pública en xeral, foi o instrumento máis eficaz da política de aculturación que tantos estragos, os máis deles irreversibles, produciu no noso país. O sentimento de inferioridade resultante levou ó galego a se refuxiar no recanto máis íntimo das relacións humanas, no que de máis sincero e espontáneo hai en cada persoa, onde se mantivo nunha situación de resistencia ata os nosos días. Aquel complexo parece hoxe, endebén, superado. Faise agora perentoria a necesidade dunha real reivindicación do idioma e da súa presenza en todos os planos da actividade humana e en calquera contexto social. Ei-la única garantía de proxección cara ó futuro, conxurando a ameaza da perda dos nosos sinais de identidade e instaurando un proceso racional de axeitamento en tódolos frentes ás novas necesidades ás que o home debe dar resposta na vida cotiá.

“... os pobos que teñen unha lingua de seu son pobos orixinais, ata o extremo de que se a esquecen ou desprecian, acaban sempre por sentírense inferiores, na comparanza con outros, ó longo dos tempos (...) Unha Galicia arredada do idioma de seu, poderá ter algún día unha civilización máis próspera,

pero sempre mimética; unha cultura galega da que a raza se sinta íntima e fondamente orgullosa (...) Unha civilización propia nace dunha lingua propia. E unha cultura propia nunha lingua allea -tendo unha lingua natural viva na maioría do país, e con gloriosa historia- é imposible cousa". Son palabras de Antón Villar Ponte, en Febreiro de 1928, que manteñen nesta Galicia autonómica de 1984 innegable vixencia.

Coa aprobación polo Parlamento de Galicia o 15 de Xuño de 1983 da Lei de Normalización, a lingua galega acadou nivel de cooficialidade co castelán. Mais, pese á publicación da devandita Lei, as Corporacións públicas do país aínda non planificaron actuacións de política lingüística que, consecuentes co que establece o artigo 5.3 do Estatuto de Autonomía, cree as condicións necesarias para unha efectiva normalización da lingua galega en tódolos eidos da vida pública, social e cultural.

Non abonda, xa que logo, coa declarada intención de que ninguén será discriminado por razón da lingua que empregue perante a Administración, senón que hai que chegar a facer verdade o que o mesmo artigo 9.2 da Constitución española sinala verbo do principio da igualdade: "corresponde ós poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilita-la participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social".

Por mor das especiais condicións que está a vivir a nosa lingua nunha comunidade diglósica, son os poderes públicos os que teñen a obriga, como di o citado artigo da Constitución española, de mudaren a situación e, xa que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especiais medidas de protección (artigo 3 do primeiro Texto Legal), a política de normalización que han de seguir as institucións públicas ten de se axustar ó disposto no Art. 3 do Código Civil español, sobre interpretación das normas xurídicas.

Velaí por qué hai razóns imperativas que avalan unha decidida actitude de tódalas Corporacións locais nesa tarefa común de defensa da lingua, procurando medidas concretas para que, efectivamente, o idioma galego acadese ese nivel de cooficialidade que hoxe non ten máis que no articulado da Lei.

Di o artigo 6.2 da Lei de Normalización que "as actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada". Concorde con este precepto, a mesma Dirección Xeral de Política lingüística dirixiuse a tódolos Concellos do país instándooos a que tódolos escritos que emanen das súas administracións sexan redactados en galego.

Os Alcaldes que suscriben este documento, despois de constataren o feito de que o 94 % da poboación entende, lé, escribe ou fala o galego, segundo unha enquisa realizada polo Departamento de Socioloxía da Facultade de Ciencias Económicas de Santiago de Compostela, tentarán adoptar, entre outras, as seguintes medidas tendentes a normalizaren o uso da lingua galega nas súas propias administracións:

- 1.- Valoración preferente do coñecemento do idioma galego nos programas para o acceso á función pública local. A recente sentenza da Audiencia Territorial da Coruña amosa que esta pretensión é axustada a dereito.
- 2.- Programación de cursos de lingua galega para os funcionarios en horas laborables. Sendo obrigatoria a presenza dun funcionario, cando menos, por unidade administrativa con coñecemento do idioma galego.
- 3.- Todo o caudal documental dos servicios administrativos, será emitido en galego.
- 4.- Rotulación das dependencias das Casas Consistoriais en galego.

- 5.- Creación dun Servicio municipal de Normalización Lingüística, encargado de asesorar e executar-la política lingüística ad intra e ad extra da Corporación.
- 6.- Potenciarase o galego como instrumento normal de comunicación dentro da Corporación. Nas actas recolleranse as intervencións na lingua en que se expresen.
- 7.- Rotulación en galego das rúas, liñas de autobuses, servicios municipais ou concesionarias, etc.
- 8.- Os Concellos potenciarán e apoiarán a organización de cursos para alfabetización de adultos en galego. Neste sentido actuaríase conforme á letra do artigo 5.3 do Estatuto de Autonomía.
- 9.- Primarase o emprego do galego no campo publicitario mediante unha redución da taxa correspondente. O propio Concello publicará en galego os seus Bandos, Edictos, e anuncios en xeral.
- 10.- Organización de campañas, ben sexan propias ou en colaboración con outras Corporacións e Entidades, que teñan como obxectivo a normalización, dignificación e promoción do uso público da lingua galega.

Santiago de Compostela, Maio de 1984.

